

LUNANA, UN IAC NA ESCOLA

975

Pawo Choyning Dorji, 2019

ESTREA EN NUMAX: 29.08.2022 | V.O.S.E. | TP

Ugyen é un novo profesor en Bután que elude os seus deberes mentres planea ir a Australia para converterse en cantante. Como reprimenda, os seus superiores envíanlle á escola máis remota do mundo, unha aldea glacial do Himalaya chamada Lunana.

Filme especialmente recomendado para a infancia

«Filme nobre e preciso, de bos sentimento e rodado en paisaxes imponentes. Sinxelo, honesto, humilde, fermoso»

Javier Ocaña, EL PAÍS



LUNANA, UN IAC NA ESCOLA

Pawo Choyning Dorji, 2019

O mestre pode tocar o futuro dos demais

Por Judit Ortuño Molina

Nun primeiro momento, Lunana, un iac na escola semella presentar un enfrontamento entre tradición e modernidade, pero non tarda en revelar a súa verdadeira intención de se transformar nun entrañable e inesperado encontro repleto de esperanza entre ambas culturas.

Esencialmente, Lunana é unha proposta moi doce que aposta pola narración dunha historia tenra e modesta. Porén, tras un espírito conmovedor distínguense dúas ideas sumamente interesantes en relación á aparente incompatibilidade entre tradición e modernidade. Ugyen é un mestre en formación que é enviado a Lunana, un pobo remoto de 56 habitantes situado no distrito de Gasa no noroeste de Bután. El experimenta o mundo a través dun prima modernista e extremadamente occidentalizado que lle permite ficar unido e comunicarse unicamente cos seus amigos, é dicir, con aqueles que comparten as súas aspiracións e perciben o futuro desde o mesmo lugar pero que, ao mesmo tempo, o distancia da súa avoa. De feito, o seu idioma devén un híbrido entre o dzongkha e o inglés, e a súa ansia máis profunda é abandonar o seu fogar en nome dun futuro mellor.

É fundamental a idea de que ese futuro nunca poderá atoparse en Bután, pois Ugyen imaxínoa a través de valores radicalmente occidentais e é necesario, crucial e indispensable un desprazamento para acceder a el. É curioso que o seu destino sexa Australia, pois responde en si propio a un fenómeno idéntico xa que, a pesar de pretencer xeograficamente a oriente posúe un inequívoco carácter occidental. Con esta cuestión agroman dúas ideas clave que vehiculan o filme: o abandono da identidade (a tradición) en nome dunha promesa de futuro e a desconfianza por un camiño propio e alternativo cara á modernidade.

Pawo Choyning Dorji somete o seu protagonista a unha viaxe de derrubarrá e transformará as súas crenzas arredor do mundo e de si propio, aproximándoo a unha nova noción de futuro. Ugyen chega a Lunana como un estranxeiro, abafado pola ausencia de comodidades e o illamento. Quere marchar nada máis chegar porque lle resulta imposible detectar nese lugar unha posibilidade de futuro, unha posibilidade de crecemento nunha aula sen encerado nin folios de papel. Semella que non hai nada por facer alí. Porén, cando o seu teléfono móbil fica sen batería a súa resistencia comeza a esfarelarse e un novo camiño enceta para el, no que reconectará coa súa lingua, a súa terra e o seu oficio, atopando neste último un poder sumamente valioso e inigualable, pois "o mestre pode tocar o futuro dos demais".

O filme culmina cunha última e rotunda declaración ao mostrar a Ugyen, xa en Australia, cantando unha canción que aprendeu en Lunana. Ábrese así unha fenda entre a velocidade e o ruído que reina no lugar para facer unha ofrenda en memoria doutro lugar que se reproduce a un ritmo alternativo pero que avanza na mesma dirección.